

RESOLUCIÓN CONXUNTA ENTRE A VICERREITORÍA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE E A XERENCIA QUE ESTABLECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO PARA O EXERCICIO 2020

En aplicación da Instrución de tramitación anticipada de expedientes de gasto de data 01/10/16, modificada con data 31/10/18, esta vicerreitoría xunto coa Xerencia da UDC establecen que o prazo para solicitar os expedientes de tramitación anticipada se iniciará o día de publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico e rematará o día 15/11/2019.

Finalizado o dito prazo non se tramitará ningunha solicitude, agás autorización expresa de VEIS e a Xerencia, logo dunha solicitude motivada.

No caso de financiamento propio, os importes para o exercicio 2020 de cada partida son os que se corresponden cos créditos iniciais no Orzamento 2019. No caso de financiamento alleo, os importes para o exercicio 2020 serán os correspondentes ás contías reais concedidas polo organismo financiador para a anualidade 2020.

No caso de que a partida orzamentaria que se inclúa na solicitude non tivese crédito inicial no Orzamento 2019, indicárase expresamente esta circunstancia nos anexos correspondentes. No caso de que a partida sufrise algunha modificación con carácter previo, cómpre indicalo nos anexos que hai que cubrir (https://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/xestion_economica/instrucons/anexos3110_2018.pdf_2063069239.pdf).

Esta resolución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación.

A Coruña, 4 de outubro de 2019

O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade e o xerente